

ANPA IES CANIDO

INFORMACION CAMPAÑA DE DOAZON DE LIBROS DE TEXTO PARA O CURSO 2012-2013

Dende a ANPA de IES Canido temos a intención de botar adiante unha campaña de doazón de libros de texto para o vindeiro curso 2012-13. Como ben sabedes, o curso actual foi o derradeiro no que estivo vixente o programa de préstamo de libros de texto, e só en algúns cursos (2º e 4º da ESO). O vindeiro curso as familias teremos que mercar o lote completo de libros e a pesares de que se manteñen as axudas que concede a Xunta para a adquisición de libros de texto, éstas non chegan a tódalas familias ou son insuficientes, tampouco chegan a Bacharelato por non ser educación obrigatoria. Ademais eses cartos saen do noso peto.

Facendo unha reflexión sobre todo isto coidamos que é ilóxico e non sostible mercar todos os libros curso tras curso cando sabemos que o remate do mesmo quedan libros de texto en bo uso, por non falar da falta de medios tecnolóxicos, que nos leva a que a educación se aparte do mundo real. Non podemos quedar anclados na pasividade e no consumismo, cunha educación influenciada polas grandes corporacións con obxectivos unicamente mercantilistas e económicos.

Por iso dende a ANPA propoñémosvos unha iniciativa que coidamos positiva para tod@s: Doar os libros a ANPA ó remate do curso e así poder distribuílos e reutilizalos no vindeiro curso.

E importante que comprendades que unha doazón é sempre altruista. Esta doazón de libros **non garantiza** que estos se reciban nin cántos. Isto depende de moitos factores: número de libros doados, os que se poidan manter do programa de préstamo da Xunta, o estado dos mesmos... pero dende a ANPA intentaremos repartir todos os libros recollidos utilizando o criterio de igualdade para que poida chegar algún libro ó maior número de familias posibles. E importante tamén que os entreguedes no mellor estado posible.

Esta campaña vai dirixida tamén os alumn@s de Bacharelato. Tendo en conta a complexidade do reparto (asignaturas optativas, alumnos que veñen doutros centros) os libros recollidos repartiránse prioritariamente os alumnos que xa cursaran 4º da ESO no centro.

A pesar de todas as dificultades, coidamos que é unha iniciativa positiva, xa que non só supón un aforro de cartos para as familias, senon que tamén transmite os nos@s fill@s valores como a reciclaxe, o valor do “usado”, a solidariedade e o altruismo, TAN NECESARIOS NA ACTUALIDADE.

ANIMAMOSVOS A PARTICIPAR!

Recíbide un cordial saúdo.

A Xunta Directiva

¿COMO PARTICIPAR NA CAMPAÑA?

FASE DE XUÑO

1.- Para poder participar e **imprescindible entregar a folla de compromiso** adxunta **os días 27, 28 e 29 de xuño** no local da ANPA no horario de 11 a 13 horas. Aquel@s alumn@s que aproben todo ou suspendan dúas asignaturas (o sexa que non repitan curso) **entregarán os libros** que desexen doar xunto coa folla de compromiso. Os que suspendan máis de dúas asignaturas, tamén deberán entregar a folla de compromiso o mesmo día. día. Tod@s alumn@s poden participar aínda que non poidan doar libros (se os que teñen son libros do programa de préstamo ou cedidos pola Anpa).

2.- **Do día 2 ao 6 de xullo repartiranse libros** a aquel@s alumn@s que aprobaran todo ou deixaran dúas no local do ANPA en horario de 10 a 13:00 (para o resto de alumnos quedarán reservados ata setembro).

FASE DE SETEMBRO

3.- Os/as alumn@s deberán **entregar os libros que desexen doar o día das notas en setembro** no local da ANPA en horario de 11 a 13 horas.

4.- **Durante o prazo de matrícula de setembro repartiranse libros** os alumnos que non os recolleran en xuño no local da ANPA no horario indicado. Dado que en setembro vanse doar máis libros, tamén se repartirán os/as alumn@s que xa recolleran en xullo se lles corresponde algún.

5.- E importante que os alumnos que repitan curso e entregaran a folla do compromiso nolo comuniquen **o día das notas de setembro** para poder dispor dos libros que tiñan reservados.

IMPORTANTE:

- Os/as alum@s teñen a obriga de devolver ó centro os libros do programa de préstamo que recibiron este curso cando o centro o indique.
- Os/as alumn@s que no presente curso recibiron libros da ANPA teñen que devolvelos a mesma no seu local os días 27, 28 e 29 de xuño ou o día das notas de setembro (se deixaron algunha asignatura para setembro).
- A axuda da Xunta para adquisición de libros de texto ([Orde do 30 de maio de 2012 \(DOG do 1 de xuño\)](#)) é compatible coa participación nesta campaña. O prazo de presentación da solicitude é do 25 de xuño ó 26 de xullo e deberás presentala no Centro.(máis información na secretaría do centro e na páxina web do IES Canido). 